

## CRITERIOS DE CORRECCIÓN E CUALIFICACIÓN

PREGUNTAS	CRITERIOS DE CORRECCIÓN	CUALIFICACIÓN MÁXIMA
<p><b>PREGUNTA 1</b> <b>(2 puntos)</b></p>	<p>Identificar e xustificar o tema central do texto: <i>Consecuencias da suspensión democrática de Internet por mor da manipulación das grandes empresas ou plataformas</i>. Valorarase positivamente o emprego de citas textuais que sirvan para argumentar a identificación do tema central.</p>	<p><b>0,75</b></p>
	<p>Sinalar as ideas principais do texto: <i>Dubidosa comercialización dos nosos datos por parte das grandes empresas ou plataformas de Internet; Definición do concepto “capitalismo de vixilancia” de Shoshana Zuboff; Contrapoder das cinco grandes plataformas dixitais fronte ao poder dos Estados; Definición do concepto “quinto poder”; Definición do concepto “pandemia dixital” e posible solución a esta problemática</i>.</p> <p>Valorarase positivamente o emprego de citas textuais que sirvan para argumentar a identificación das ideas principais.</p>	<p><b>0,75</b></p>
	<p>Propoñer un posible título para o texto. O título proposto non pode coincidir co do propio artigo. Valorarase positivamente a concisión e precisión do título proposto, que debe condensar o tema central do texto.</p>	<p><b>0,5</b></p>
<p><b>PREGUNTA 2</b> <b>(1 puntos)</b></p>	<p>Definir o significado de cada palabra ou expresión de acordo co sentido que presenta no texto:</p> <p><i>Antropólogo</i>. Definición xeral e contextual: Científico que estuda o ser humano nos seus aspectos natural, cultural e social. Sinónimo contextual: ciberantropólogo.</p> <p><i>Ostentan</i>. Definición xeral: Mostran ou deixan ver con claridade: <i>manifestan, evidencian</i>. Definición contextual: Son donas dun poder do que dispoñen en beneficio e proveito propio. Sinónimos contextuais: <i>posúen, manexan</i>.</p> <p><i>Ofertante</i>. Definición xeral e contextual: persoa ou entidade que fai unha oferta. Sinónimo contextual: cliente, comprador.</p>	

	<p><i>Algoritmo.</i> Definición xeral e contextual: Conxunto de regras que, ao aplicalas, permiten resolver un problema mediante un número finito de operacións. Sinónimo xeral e contextual: operacións lóxicas.</p> <p><i>Quinto poder.</i> Definición xeral e contextual: Denominación empregada para describir o control sociopolítico e económico determinado polas grandes empresas e plataformas que dominan Internet. Sinónimo xeral e contextual: poder fáctico.</p> <p>Abondará con que se perciba que o alumnado entende a palabra ou expresión e que é capaz de aproximarse ao seu significado no texto, sen que se esixa unha definición exacta. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta. Non se considerará suficiente a indicación de sinónimos, aínda que se poden atribuír puntuacións parciais de 0,1 puntos se se mencionan. Cada palabra ou expresión correctamente definida valorarase con 0,2 puntos.</p>	<b>1</b>
<p><b>PREGUNTA 3</b> <b>(1 puntos)</b></p>	<p>Indicar a categoría gramatical á que pertencen as palabras polas que se pregunta:</p> <p><i>Terzo:</i> (pronome determinante) numeral (partitivo ou fraccionario).</p> <p><i>A través de:</i> locución preposicional.</p> <p><i>Iso:</i> (pronome determinante) demostrativo (neutro).</p> <p><i>Porque:</i> conxunción (subordinante causal).</p> <p><i>Vacina:</i> substantivo (feminino singular, común).</p> <p>No caso de existiren posibles subcategorizacións, valorarase positivamente que estas se identifiquen. Cada palabra da que se determine correctamente a súa categoría gramatical valorarase con 0,2 puntos.</p>	<b>1</b>

<p><b>PREGUNTA 4</b> <b>(2 puntos)</b></p>	<p>Conxugar o verbo <i>rexer</i> en todas as persoas do presente de indicativo e do presente do subxuntivo:</p> <p>Presente de indicativo: <i>rexo, rexes, rexe, rexemos, rexedes, rexen</i>.</p> <p>Presente de subxuntivo: <i>rexa, rexas, rexa, rexamos, rexades, rexan</i>.</p> <p>Non se considerarán válidas as respostas que unicamente indiquen algunhas persoas ou que non completen as seis formas de cada tempo. Pódense atribuír puntuacións parciais se algunhas formas das conxugacións de cada tempo verbal non fosen correctas.</p>	<p><b>1,25</b></p>
	<p>Indicar tres verbos que se conxuguen seguindo o paradigma do verbo <i>rexer</i> (verbo con alternancia vocálica que presenta fonemas abertos na segunda, terza e sexta persoas do presente de indicativo e vocalismo pechado en todas as persoas do presente de subxuntivo). Se se sinalan menos de tres exemplos ou algún deles é incorrecto pódense atribuír puntuacións parciais.</p>	<p><b>0,75</b></p>
<p><b>PREGUNTA 5</b> <b>(4 puntos)</b></p>	<p>Redactar un comentario crítico sobre o tema do artigo (<i>Consecuencias da suspensión democrática de Internet por mor da manipulación das grandes empresas ou plataformas</i>) no que se empreguen argumentos propios a favor ou en contra da opinión nel expresada. No comentario deben evitarse as paráfrases, resumos ou a repetición do contido do artigo. Valorarase positivamente que as opinións propias sexan pertinentes e dialoguen co artigo de partida para o contraste, ampliación ou implementación dos argumentos neste sustentados.</p> <p>Na avaliación deste comentario valorarase a correcta construción do texto (organización da información) e a adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación).</p>	<p><b>4</b></p>